



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Febreiro 2025**

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Febreiro 2025


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un crecemento do 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 4,5 puntos á do mes de xaneiro.
- A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,1%, taxa inferior en 2,4 puntos á do mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de febreiro.
- Respecto ao mesmo mes do ano anterior, o persoal ocupado no sector servizos medra un 1,6% tanto en Galicia como en España.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

No mes de febreiro, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un crecemento do 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior. Esta taxa é inferior en 4,5 puntos á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,1%, taxa inferior en 2,4 puntos á do mes anterior.



Os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 7,6% e achegan 1,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; o *Comercio* rexistra un crecemento do 0,1%. En España a facturación no *Comercio* aumenta o 2,7% e nos *Outros servizos* o 3,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* e a *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistran un aumento do 0,2% e o *Comercio ao retalho* do 0,6%. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 5,9%, o *Comercio por xunto* o 2,8% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 1,3%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementos rexístranse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (28,9%) e na *Hostalería* (7,2%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 3,7%. Os maiores incrementos prodúcese nas *Actividades inmobiliarias* (8,0%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,5%).


## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 3,7% no mes de febreiro.

Os sectores con maiores incrementos son *Actividades profesionales, científicas e técnicas* (13,1%) e *Hostalería* (8,4%).

## 1.3 Datos corrigidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 6,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,5%.




## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Canarias (5,0%) e País Vasco (4,8%) son as comunidades con maior incremento da facturación. Pola contra, os menores crecementos rexístranse en Castilla-La Mancha, Cantabria e Illes Balears (as tres 1,7%).

### Índices de cifra de negocios. Febreiro 2025

#### Taxa de variación (%)




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,6% respecto ao mes de febreiro de 2024, a mesma taxa que en España.

O persoal ocupado crece un 0,9% no *Comercio* e un 1,9% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Transporte* (4,9%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,3% no *Comercio* e o 1,8% nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,4%)




## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2024 agás Extremadura (-0,3%) e Asturias (-0,1%). As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Navarra (3,4%) e Canarias (3,4%).

### Índices de persoal ocupado. Febreiro 2025

#### Taxas de variación (%)



### **Notas metodolóxicas. Definicións:**

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>120,2</b>	<b>2,1</b>	<b>4,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>120,9</b>	<b>0,2</b>	<b>3,1</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	135,0	0,2	-2,7
Comercio por xunto	124,7	0,2	4,6
Comercio ao retallo	106,0	0,6	1,1
<b>Outros servizos</b>	<b>118,5</b>	<b>7,6</b>	<b>8,3</b>
Transporte	126,0	3,7	6,1
Hostalería	126,8	7,2	5,5
Información e comunicacións	124,5	3,5	1,7
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,5	28,9	25,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,0	6,0	10,2
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>116,9</b>	<b>3,1</b>	<b>4,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>115,8</b>	<b>2,7</b>	<b>3,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	135,7	5,9	5,4
Comercio por xunto	114,1	2,8	4,4
Comercio ao retallo	113,4	1,3	2,2
<b>Outros servizos</b>	<b>118,7</b>	<b>3,7</b>	<b>5,2</b>
Transporte	125,1	4,4	6,0
Hostalería	123,7	2,6	4,7
Información e comunicacións	110,4	1,9	3,0
Actividades inmobiliarias	116,8	8,0	10,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,8	2,5	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	137,4	5,5	6,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por BNE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>120,9</b>	<b>3,7</b>	<b>4,9</b>
Comercio	117,2	-0,1	2,1
Transporte	124,9	3,6	6,0
Hostalería	131,4	8,4	6,8
Información e comunicacións	128,6	3,3	1,5
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,4	13,1	13,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,2	3,7	7,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por BNE



**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Febreiro 2025**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>116,9</b>	<b>3,1</b>	<b>4,3</b>
Andalucía	119,2	2,4	3,0
Aragón	110,6	2,2	3,3
Asturias	113,8	4,6	4,1
Balears, Illes	98,8	1,7	4,9
Canarias	144,5	5,0	5,8
Cantabria	108,2	1,7	2,7
Castilla y León	113,0	4,3	5,1
Castilla-La Mancha	114,9	1,7	3,4
Cataluña	115,1	2,1	2,6
Comunitat Valenciana	117,3	2,0	3,7
Extremadura	103,7	3,1	2,5
<b>GALICIA</b>	<b>120,2</b>	<b>2,1</b>	<b>4,4</b>
Madrid	117,5	4,2	6,1
Murcia	112,0	3,2	3,1
Navarra	125,2	1,9	4,4
País Vasco	118,1	4,8	6,2
Rioja, La	125,5	2,0	3,2

Fonte: NE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>104,3</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>103,2</b>	<b>0,9</b>	<b>0,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	101,4	2,1	2,9
Comercio por xunto	103,2	-0,2	-0,2
Comercio ao retalho	103,7	1,4	0,9
<b>Outros servizos</b>	<b>105,0</b>	<b>1,9</b>	<b>2,2</b>
Transporte	103,8	4,9	5,0
Hostalería	107,0	0,6	1,7
Información e comunicacións	111,1	-1,3	-1,1
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,9	1,8	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,4	2,7	2,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>106,3</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>105,1</b>	<b>1,3</b>	<b>1,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	105,8	2,2	2,2
Comercio por xunto	105,4	1,0	1,1
Comercio ao retalho	104,9	1,3	1,3
<b>Outros servizos</b>	<b>106,9</b>	<b>1,8</b>	<b>1,7</b>
Transporte	107,9	1,5	1,4
Hostalería	106,9	1,7	2,0
Información e comunicacións	112,0	0,6	0,6
Actividades inmobiliarias	100,6	0,7	0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,0	1,9	1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,8	2,4	2,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por BNE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>106,3</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
Andalucía	106,5	1,2	1,4
Aragón	102,7	1,2	1,3
Asturias	102,9	-0,1	-0,2
Balears, Illes	95,9	2,0	2,5
Canarias	113,7	3,4	3,0
Cantabria	101,9	3,0	2,1
Castilla y León	101,8	0,9	0,9
Castilla-La Mancha	105,5	1,7	1,9
Cataluña	106,8	1,0	1,2
Comunitat Valenciana	104,3	2,0	1,7
Extremadura	103,4	-0,3	-0,4
<b>GALICIA</b>	<b>104,3</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
Madrid	110,3	2,2	2,2
Murcia	104,5	1,7	1,3
Navarra	106,0	3,4	3,0
País Vasco	103,1	0,8	0,5
Rioja, La	103,8	0,2	0,0

Fonte: NE